

## **A COLECTIVIDADE GALEGA NA HABANA, 1890-1950**

**Xosé M. Núñez Seixas**

Vicepresidente do Consello da Cultura Galega e Catedrático da USC

Transcrición da intervención por **Antonio Reigosa**

O historiador, vicepresidente do Consello da Cultura Galega e catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, Xosé Manuel Núñez Seixas, interveu na mesa redonda que tivo lugar no Auditorio Municipal Pascual Veiga o día 30 de xuño de 2023 baixo o título: 'A emigración en Cuba. O Centro Galego da Habana e a súa interrelación con Galicia: a bandeira, o himno e a Real Academia Galega'. Esta é a crónica da súa intervención:

### **A Habana “capital” de Galicia**

Comezou a súa intervención poñendo sobre a mesa datas e datos sobre os tempos nos que a cidade da Habana se podía considerar “capital de Galicia”. Galicia foi un dos territorios europeos con maiores taxas migratorias entre os anos 1880 e 1930. Se descontamos o resto do estado español, estaría entre Irlanda e Italia. Os destinos principais de galegas e galegos migrantes foron ata comezos do século XX a illa de Cuba, Arxentina, Brasil, Uruguai, Estados Unidos e México. No que concerne a Cuba e con procedencia española, os galegos e galegas constituían o grupo rexional máis importante xunto a asturianos e canarios que sumaban entre todos máis dun terzo. En Cuba como en toda Latinoamérica os migrantes concentrábanse nas cidades, especialmente na cidade da Habana que en 1919 era a segunda cidade “galega” do mundo tras Bos Aires. Nesa altura, aproximadamente o 9% dos habitantes da Habana naceran en Galicia.

A que profesións se dedicaban os galegos e galegas na cidade da Habana. Pois, en xeral como todos os migrantes, ocupábanse fundamentalmente no sector servizos e, en xeral nos chanzos de menor cualificación. Aínda que tamén, a diferenza do que acontecía na cidade Bos Aires, tamén había un importante número de procedentes de Galicia que se dedicaban a actividades primarias. En Casablanca, pequena cidade situada ao este a baía da Habana, e noutras localidades costeiras había moitos galegos dedicados á pesca, ao transvasamento de métodos e know-how (coñecementos que permiten agregar valor engadido a un produto) desde rexións pesqueiras da Galicia setentrional como, por exemplo, á ría de Ares á baía da Habana.

En 1922 residían na illa de Cuba arredor de 150.000 galegos que deixaron unha indeleble pegada na sociedade cubana e en todos os ámbitos. Tanto na cultura popular (teatro bufo, cinema, etc.) como nos espazos urbanos con símbolos emblemáticos como o Centro Galego, a carón do Capitolio ou os panteóns do Cemiterio Colón.

## Camiño de Santiago e Emigración

Esta migración foi en moitos dos casos temporal, respondía a estratexias de emigración familiar, e en grande proporción estes emigrantes retornaron a Galicia.

Tamén se deron abundantes caos de reemigración desde outras zonas de América, e desde Cuba cara a México, Estados Unidos (Florida e Nova York) tras a independencia de Cuba, e desde os anos 1930 cara a Venezuela.

Tras a época dourada que se estendeu desde 1901 a 1922, chegaron a das “vacas fracas” que obrigou a moitos inmigrantes a liquidar os seus negocios e a retornar a Galicia.

Este modelo de emigración viuse favorecido pola dispersión dunha propiedade rural imperfecta que permitía aos grupos familiares financiar as pasaxes de algúns dos membros da familia, que enviaban desde os lugares de destino remesas materiais, xeralmente económicas destinadas a redimir a propiedade da terra, a mellorar as explotacións e a investimentos noutros apartados.

Mais os emigrados tamén remitían remesas inmateriais. Na Habana moitos galegos coñeceron a cidade, socializáronse en sindicatos ou ligas profesionais, tiveron experiencias na prensa e na tribuna. Moitos destes “habaneiros” convertéronse ao seu regreso en líderes de sociedades e sindicatos agrarios e foron, entre outras cousas, moi activos militantes en partidos políticos.

Coa creación de Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia en 1871 artéllase na Habana un tecido asociativo cada vez máis mesto. O Centro Galego a partir de 1879 a medida que aumenta progresivamente o número de socios tamén acrecenta a influencia social. Ofrece servizos mutualistas e asistencias, ao tempo que atende a vertente cultural, apoia iniciativas de diversa caste en Galicia, incluído, por exemplo o financiamento das obras do patriarca do galeguismo, Manuel Murguía, a creación do “Panteón de Galegos Ilustres”, a acollida ao xornalista e poeta, Manuel Curros Enríquez, o apoio á creación en 1905 da Real Academia Galega gracias a unha sociedade protectora creada na Habana.

A comunidade galega da Habana é o exemplo de “sociedade civil” galaica máis avanzada das que existen no interior e exterior de Galicia. Cabeceiras de prensa propia en castelán e galego, tecido societario diversificado en moitos ámbitos (político, funcional, recreo, mutualismo, asistencia, beneficencia, instrución, xénero...etc.)

Na Habana execútase, ademais, por primeira vez o Himno Galego (decembro de 1907), espállanse símbolos como a bandeira galega con máis intensidade do que en Galicia, e no 1918 o movemento galeguista (Irmandades da Fala) ten un correlato na Xuntanza Nazonalista Galega d’Habana. No 1922 nace un primeiro grupo arredista, o CRAG de Fuco Gómez, moi influído polo pensamento de José Martí.

### **Escolas e progreso dende a Habana**

Dende 1904, cando se crea a sociedade “La Aresana”, o asociacionismo galego non só ten carácter mutualista, senón que nacen ata 204 sociedades de ámbito “microterritorial”, que teñen como ámbito de actuación e referencia a freguesía (37%), o concello (55%) e o Partido xudicial/bisbarra (6,37%) de orixe. A súa denominación xenérica é variada (Hijos de...).

As finalidades destas sociedades son promover a instrución escolar nos seus lugares de orixe; promover o “maior ben posible” en forma de bens comúns (Obras públicas, infraestruturas; recreo e protección limitada dos seus asociados (festas en La Polar, por exemplo); construción e/ou recreación dunha identidade de ámbito comarcal/local; artellar a sociedade civil nos seus ámbitos de orixe para conquistar a “rexeneración” e o progreso dos seus coterráneos/familiares, mediante o apoio a iniciativas políticas e societarias, nomeadamente sociedades agrarias e/ou “bandos” e periódicos anticaciquís.

Non se trata só de “transplante” senón dunha interacción, dunha osmose entre Galicia e América. O artellamento da sociedade civil en orixe outorgou adoito incentivos para asociáranse; pola súa parte, a asociación dos ausentes e os recursos que achegaron contribuíron á modernización dos seus lugares de orixe e a artellar neles a sociedade civil.

### **Educación e... algo máis**

Estas sociedades eran multifuncionais nas que tamén se facía política e os seus dirixentes “de medio pelo”, comerciantes e profesionais, tamén dependentes de comercio, empregados e máis algúns obreiros cualificados.

A elite da colectividade galega mais o tecido societario local, a diferenza do que acontecía en Bos Aires, estaba bastante supeditada ao Centro Galego, que ofrecía locais e protección.

O asociacionismo local non era unha mera reprodución de espazos sociais transplantados; era unha recreación dos mesmos, resultado da constante negociación entre intereses dos promotores e elites, os sentimentos identitarios dos emigrantes conxuntados coa eficiencia da súa actuación en Galicia: se había “parceiros”, socios potenciais (sociedades agrarias, partidos anticaciquís, etc.) o artellamento societario e os seus ámbitos territoriais amoldábanse.

A colectividade galega en Cuba dende a década de 1920 decreceu en importancia e influencia na evolución sociopolítica de Galicia, a diferenza da colectividade asentada en Bos Aires, para pasar de desempeñar un papel importante ata comezos dos anos vinte, ata eclipsarse claramente..

As causas foron “as vacas fracas” e a diminución acusada do fluxo migratorio a Cuba; a menor politización directa do liderado das asociacións galegas en Cuba, que as levou a unha menor incidencia nos principais movementos sociopolíticos anovadores de Galicia entre 1918 e 1936 (agrarismo, republicanismo, movemento obreiro, nacionalismo galego). Unha menor politización como resultado de varios factores como a “titoría” permanente do

## Camiño de Santiago e Emigración

Centro Galego e as súas elites mesocráticas sobre o conxunto da colectividade; a menor permanencia dos “inmigrantes de segunda clase”, xornalistas e intelectuais, na Habana; o feito de procederen a maioría dos inmigrantes galegos na Habana de zonas nas que o problema foral (redención de rendas agrarias) era menos acusado (Norte/NO de Galicia), ao contrario do que sucedía dos que ían cara Bos Aires (inmigrantes do Sur de Galicia), co que as posturas radicais achaban menos eco; e falla de interese nos cadros do movemento obreiro cubano de orixe inmigrante en “facer política” nas colectividades étnicas.

### **Legado**

Que ficou de todo aquilo, amais dos vistosos panteóns do Cemiterio Colón e a memoria popular habaneira, e das casas de indianos?

As sociedades subsistiron ata os anos 50. Fidel Castro traballou mesmo para unha delas, sendo estudante. O seu influxo en Galicia diminuíu grandemente, mais hoxe experimentan certo rexurdir mantidas por fillos e netos/as.

O seu influxo sociopolítico ata 1936, sobre todo no ámbito local, foi decisivo para a creación de sindicatos agrarios e a mobilización anticaciquil. Pero tamén presenta eivas para artellar un apoio coordinado a actores políticos en Galicia durante a II República.

O legado máis vistoso constitúeno as arredor de 150 escolas e as numerosas obras públicas que se promoveron (de fontes a lavadoiros...).

O que é indiscutible é que a Habana é un importante lugar de memoria da cultura galega do tránsito dos séculos XIX ao XX, e máis alá!